

Revista Galega de
TRABALLO SOCIAL

fervenzas –7–

separata

**POLÍTICA INTERNACIONAL DA FITS SOBRE A
PROTECCIÓN DAS INFORMACIÓN RELATIVAS
ÁS PERSOAS**

**FEDERACIÓN INTERNACIONAL DE
TRABALLADORES SOCIAIS.
OUTUBRO 2002.**

TRADUCTORA: CARMEN VERDE DIEGO

**COLEXIO OFICIAL
DE DIPLOMADOS EN
TRABALLO SOCIAL
DE GALICIA**



Xunta de Goberno	<p>Pilar Couce Freire, Presidenta Pablo Veiga López-Castelo, Vicepresidente Dora Rútolo Brantuas, Secretaria Iciar Bóveda López, Tesoureira Luísa Andaluz Corujo, Vocal Mar Barca Gómez, Vocal Benita Ferro Viñas, Vocal Diego Rodríguez Piñón, Vocal Patricia Blanco Riveiro, Vocal M^a Ascensión Loredó Conde, Vocal</p>
Responsables da edición	Patricia Blanco Riveiro
Mesa de redacción	Andrés Hernández Mouriño, María Elena Puñal Romaris, Ana Méndez Fernández, M ^a Xosé Vázquez Vázquez, M ^a José Thomas Berbén, Sonia Villasante Armas.
Correctora lingüística:	Moisés Barreiro Comedeiro
Edita	<p>Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia Rúa Dublín 6, baixo, porta 3 15707 Santiago de Compostela Teléfono / Fax : 981 568 100 E-mail: galicia@cgtrabajosocial.es</p>
Data da Publicación:	23-11-01
Imprime	Grafinova, S.A.
Dep. Legal	C- 1.884/97

RESUMO: Traducción da lingua francesa da Declaración de Principios da *Federación Internacional de Traballadores Sociais*, a FITS, sobre a Protección de datos e informacións relativas as persoas que son atendidas por traballadores sociais. Contén unha análise preliminar da situación onde a FITS manifesta a súa preocupación polo incremento das novas tecnoloxías nos Servicios sociais e unha maior demanda ós traballadores sociais de datos sobre os seus usuarios. Continúa co establecemento da chamada pola FITS “liña política” da Federación respecto a protección das informacións no Traballo Social. O Documento finaliza presentando as propostas da FITS ós traballadores sociais para levar a cabo unha boa práctica profesional en relación á Protección de datos e informacións dos seus usuarios ou clientes.

POLÍTICA INTERNACIONAL DA FITS SOBRE Á PROTECCIÓN DAS INFORMACIÓNS RELATIVAS ÁS PERSOAS¹

A recollida e o uso da información relativa ós individuos está no cerne da política do Traballo social, segundo o Código Internacional de Ética da Federación Internacional de Traballadores Sociais.

A información interésalle cada vez máis á Administración dos Servicios de Acción social e adquire cada vez maior importancia. Por outra banda, as novas tecnoloxías modifican as relacións de poder e sitúan ós profesionais ante a nova responsabilidade da súa posta en marcha nos servicios en función do interese dos usuarios.

CONTEXTO

Os traballadores sociais , entre outros, manifestan en todo o mundo a súa inquedanza ante o aumento dos sistemas informatizados no Traballo social. Aínda que moitos países se teñan dotado dunha lexislación baseada en regras internacionais de protección de datos a semellanza das do Consello de Europa, os traballadores sociais están preocupados polas cuestións seguintes: "*¿Cómo preservar a confidencialidade dos datos? ¿Qué tipo de datos hai que recoller? ¿Para quen? ¿Con qué obxecto? ¿Durante canto tempo hai que conservar os datos? ¿Para que usuarios dos servicios pode ser útil esta recollida de datos?*"

A informática introduce un problema que non é novo para o Traballo social, xa que a acumulación de datos e o uso de informacións persoais están no núcleo do exercicio da profesión. Nembargantes, derívanse novas dificultades da tecnoloxía e os distintos Gobernos non teñen posto entre as súas prioridades as recomendacións do Traballo social relativas á protección de datos e a intimidade das persoas. Máis ben ténselle dado importancia ós intereses comerciais e os medios de transmisión das informacións duns países a outros. En consecuencia, esta declaración de principios xurde, dende o inicio, do que é esencial no Traballo social en relación a informática.

¹ FITS (2002): *Politique internationale de la FITS sur la Protection des Informations relatives aux personnes*. Documento da FITS instalado na WEB da Federación: <http://www.isfw.org>. Traducción do francés de Carmen Verde Diego.

Queremos facer notar que a técnica permite informatizar informes manuscritos e outra documentación. Pero non tódalas novidades técnicas son desexables. A experiencia demostra que os sistemas informáticos non son sempre eficaces, nin para proporcionar información política pertinente nin para mellorar a calidade do tratamento da información persoal.

Unha sociedade moderna co alta tecnoloxía esixe a circulación rápida e fácil da información. Pero hai que preguntarse tamén sobre a natureza e a cantidade das informacións necesarias referentes ós individuos. Isto enfoca a cuestión da magnitude que o control da sociedade ten sobre os cidadáns.

As informacións persoais rexistradas por parte dos traballadores sociais non atinxen máis que a unha parte da poboación: clientes ou usuarios dos Servicios sociais. Por isto, unha recollida indiscriminada de datos pode contribuír a unha segregación rexeitable destas persoas. Por outra banda, os traballadores sociais teñen un tipo de traballo que os sitúa nunha posición moi vantaxosa para tratar un gran variedade de informacións sobre as persoas. Esta posición única tenos levado a ser solicitados cada vez máis para a recollida de datos con outras finalidades que a axuda inmediata ou a longo prazo dos seus clientes.

Simultaneamente, a recollida de datos por parte dos traballadores sociais sobre os seus clientes ten condicionado a posta en marcha de servicios ou axudas: por exemplo, o acceso a un recurso pode depender da indicación do número de conta do usuario. Pola contra, o traballador social propón unha relación co seu usuario sen ningún tipo de reserva. Ningún asunto alleo debe interferir nesa relación a excepción de que exista un acordo expreso entre ambas partes.

LIÑA POLÍTICA

A FITS está convencida de que na recollida de datos, a persoa encargada de recoller a información non debería ser o traballador social designado polo servizo para axudar ó usuario.

O cliente debería ter a opción libre de participar, ou non, neste proceso sen ter que sufrir consecuencias persoais. O cliente debe poder xulgar a pertinencia da recollida de datos que se lle propón: el ou ela deben poder oporse a esta investigación antes de calquera tipo de apertura de expediente.

A FITS considera que é esencial que os clientes teñan poder de decisión con pleno coñecemento de causa para protexer a súa intimidade. Deste xeito o cliente ten que ser informado de calquera sistema informático utilizado no servizo e da súa finalidade. O regulamento da Institución ten que indicar de qué xeito poden ser usados os datos interna ou externamente e débello comunicar ó usuario.

A FITS suxire que o servizo sexa o responsable:

- do uso dos datos conforme os obxectivos fixados
- da obriga, mediante contrato, dos seus empregados á confidencialidade respecto ó cliente
- do respecto á vontade do cliente en relación á seguridade das informacións almacenadas sobre a súa persoa
- do consentimento do cliente sobre a revelación lexítima dun dato que lle concirne ou dunha información transmitida polo servizo sen necesidade
- de establecer o tempo de conservación dos datos antes da súa destrución.

Aparte dalgunhas excepcións específicas, a necesidade de conservar os datos diminúe co tempo. Temos, polo tanto, que prever, en xeral, a destrución da información, salvo excepcións ou salvo os resumos redactados para os arquivos.

A FITS propón que toda excepción á política xeral de destrución estea baseada en criterios profesionais establecidos.

A FITS sostén que os traballadores sociais teñen que ter un maior rigor na comunicación das informacións. Cando un traballador social se informa sobre un cliente ou un terceiro lle solicita información respecto a un usuario, deben requirirse determinadas condicións. O que implica que:

- a petición sexa feita por escrito e os intercambios de información verbal ou as conversas telefónicas gravadas
- a información sexa recollida do propio cliente antes que a través doutro servizo ou de ordenadores
- sexa remitida unha copia ó cliente da información dada por el mesmo ou da obtida a través doutros medios
- o expediente individual sexa copiado nun disquete de xeito que resulte o máis difícil posible que se perda o expediente.

A FITS avala unha práctica de apertura entre os traballadores sociais e os seus clientes, o que implica tódolos aspectos do Traballo social, incluído o feito de compartir a información. Nembargantes se un traballador social decide que non é conveniente para un cliente exercer o seu dereito a acceder á información de acordo coas regras da institución, estará habilitado para rexeitar este acceso. A negativa a un acceso dese tipo ten que estar baseado en criterios profesionais e non poderá ser imposto de maneira arbitraria por ningún Goberno. En tales circunstancias, o usuario pode dirixirse a unha persoa da súa confianza (psicólogo ou traballador social) autorizado para este tipo de intervención. O cliente escolle a persoa dunha

lista establecida pola autoridade de protección de datos. A función desa persoa sería a de verificar as razóns polas que o servizo se nega a posibilitarlle o acceso á información ó cliente; esta persoa terá poder para facer caso omiso á negativa da institución e desvelar a información.

A FITS reconece que tódolos expedientes, en especial os informatizados, teñen un límite inherente en tanto que son un “subconxunto da realidade”. Por esta razón, de tomarse medidas decisivas respecto a un cliente baseándose en exclusiva no contido do seu expediente, esta persoa debe poder apelar a decisión, despois de ter dada a súa opinión, por exemplo, nos caso de garda, de cambio de tutela parental ou do dereito de visita ós fillos.

A FITS quere salientar que a práctica do Traballo social esixe contactos interpersoais onde todo ten que tender cara a unha relación desprovista de factores externos susceptibles de interrompela.

O traballador social ten un rol sometido a consideracións éticas; ten a obriga ética específica de establecer unha relación de confianza mutua, de intimidade e de confidencialidade co seu cliente. Polo tanto o traballo social non se pode exercer por razóns pragmáticas, debéndose exercer co mínimo de coaccións externas que afecten a comunicación entre profesional e usuario.

A FITS lembra que o poder dado pola informática na conservación e posta en rede dos datos ten que ser compensado polo interese que ocasionan os desexos e os intereses dos clientes “suxeitos” dos datos. E pois, esencial definir claramente os motivos da conservación dos datos.

A FITS propón que nunha boa práctica profesional, os traballadores sociais presten unha especial atención ós elementos de base, incluída a información, que sosteñen as súas tomas de decisión. Teñen que estar o día nas implicacións da tecnoloxía e fundamentar a súa acción en principios definidos por esta política. Teñen, tamén que clarificar ante os Gobernos e as organizacións internacionais que elaboran as políticas de protección de datos, os datos que deben ser protexidos.